

Calendario Escolar 2021/22

O próximo curso será o primeiro sen exames en setembro.

A Consellaría acepta a proposta histórica da CIG de incluír o día de Rosalía nas conmemoracións escolares.

Calendario escolar 2021-2022

Inicio de curso	08/09: EI, EP, EE. 15/09: ESO, BAC, FP, REX. ESP.
Remate de curso	21/06: EI, EP, ESO, BAC, FP. 30/06: RÉXIME ESPECIAL
Nadal	Do 23/12 ao 7/01 ambos inclusive
Entroido	28 de febreiro, 1 e 2 de marzo
Semana Santa	Do 11 ao 18 de abril , ambos inclusive
Día do Ensino	11 de outubro
Entrega das programacións	Antes do 15 de setembro á xefatura de estudos e antes do 25 de setembro á inspección
Avaliación final ordinaria da ESO, 1ºBAC, 1ºFPB	A partir do 6 de xuño
Convocatoria extraordinaria para ESO, 1ºBAC, 1ºFPB	Entre o 17 e o 21 de xuño
Avaliación final extraordinaria da ESO, 1ºBAC, 1ºFPB	A partir do 22 de xuño

A Consellaría adianta os exames extraordinarios ao mes de xuño

O principal cambio no calendario escolar do curso que vén é a celebración dos exames finais **extraordinarios entre os días 17 e 21 de xuño. O cambio afecta á ESO, 1º BAC e 1º de FPB.**

A CIG-Ensino considera que non podemos limitarnos a facer unha valoración da medida illada de todo o que se relaciona coa ordenación educativa e curricular e que, no seu conxunto, debe servir para saber se os sistema educativo vai saír mellor ou peor con este cambio.

Na introdución da orde indícase que hai unha valoración positiva da comunidade educativa e da CIUG ao respecto deste mesmo cambio en 2º de Bacharelato.

CÓMO E CANDO SE FIXO ESA AVALIACIÓN, ONDE ESTÁN OS RESULTADOS, QUEN FOI CONSULTADO?

A CIG-Ensino sempre defendeu que o calendario escolar, máis alá da preceptiva negociación na Mesa Sectorial, debería ser motivo de debate con toda a comunidade educativa, tanto no que fai referencia a un reparto máis equilibrado dos trimestres escolares como, neste caso, dun cambio destas características.

O Consello Escolar podería ser o foro adecuado para ese debate. Porén a Consellaría non o fixo e, aínda por riba, cita á “comunidade educativa” no propio texto da orde.

Un dos males aos que estamos afeitos na organización escolar por parte desta Consellaría está precisamente na **ausencia total de contraste e avaliación dos plans, reformas e medidas que se toman**. Vexamos exemplos:

- * Non existe unha análise sobre o **nivel de repetición** en Galiza, que como pasa no conxunto do Estado, marca o record europeo, e sobre alternativas para reducir eses índices.
- * Non existe unha avaliación dos resultados dos contratos programa (PROA+, ARCO...)
- * Non existe avaliación anual dos efectos da implantación do decreto que limita e mesmo prohibe o uso do galego nas nosas aulas, algo que se indica expresamente na norma.
- * Non existe un informe sobre EDIXGAL, especialmente sobre os seus contidos e condicións técnicas...

A CIG-Ensino non se opón ao cambio dos exames extraordinarios en xuño. Cremos que pode ter máis vantaxes que inconvenientes, mais temos claro que non implica ningunha solución senón se acompaña dunha análise rigorosa e dunha actuación na liña de reducir o fracaso escolar que teña en conta os seguintes elementos:

- * redución das ratios
- * cambio nos horarios docentes, reducindo horario lectivos e impulsando a coordinación didáctica e o traballo en equipo
- * mellora dos plans de reforzo para o alumnado que promociona no camiño de reducir as repeticións e reforzando o acompañamento deste alumnado.
- * reorientación dos currículos

Desde a perspectiva pedagóxica a defensa dunha **avaliación continua e por competencias** fai que os exames extraordinarios -e mesmo os ordinarios- deban ter un papel secundario no proceso de aprendizaxe. Partindo desta premisa, que se cambien as datas desas probas extraordinarias de setembro a xuño parece coherente, mais insistimos que por si só esta medida é insuficiente.

O cambio dos exames tamén pode traer consigo algúns problemas que deben ser tidos en conta pola Consellaría e sobre os que preguntamos nesta Mesa:

- * Baixo ningún concepto os cambios introducidos para o curso 21/22 nos exames extraordinarios pode derivar nun aumento da xornada lectiva do profesorado pola vía de incrementar días lectivos para o profesorado da ESO, Bacharelato e FPB, xa moi sobrecargados, con cargas lectivas anuais moi por riba da media europea .
- * Pedimos aclaracións sobre a previsión da organización do alumnado e do profesorado entre os exames ordinarios e extraordinarios do mes de xuño.
- * Preocúpanos a coincidencia cos exames das oposicións para o persoal interino e aquel que forma parte dos tribunais.
- * As datas do CADP e de toma de posesión no comezo de curso, o que implicaría tamén cambios no ROC e na elección de horarios en secundaria. Queremos saber que previsión ten a Consellaría.

A Consellaría ten decidido manter este cambio nas probas extraordinarias. Non informa sobre posíbeis cambios noutros cursos, mais si indica que, se ben os destinos provisionais para o curso 2021/22 se manterán nas datas habituais (toma de posesión en Secundaria a mediados de setembro), a idea é que a partir do curso 2022/23 a adxudicación definitiva do CADP sexa en xullo e a toma de posesión o día 1 de setembro, como o profesorado definitivo.

En ningún momento entraron a valorar as medidas que desde a CIG-Ensino lle trasladamos para acompañar este cambio (ratios, reforzos, etc...).

O período de adaptación debe ser flexíbel e depender da decisión do equipo docente

Sempre defendemos un período de adaptación flexíbel que poida modificarse en función das decisións que tome o equipo docente. A duración debe responder á realidade do alumnado e non depender dunha decisión burocrática, como era até agora nin das vontade ou necesidade das familias. A Consellaría non vai cambiar a redacción deste apartado e fala de “convencer” ás familias da

necesidade do período de adaptación. A CIG-Ensinamosa a súa contrariedade por non primar o valor dunha decisión profesional.

Unha proposta con máis días lectivos

A normativa estatal fixa un mínimo de 175 días lectivos, cifra que unida a carga lectiva diaria sitúa o noso alumnado por riba da media europea de horario lectivo anual. A proposta da Consellaría eleva ese mínimo a 178 días aos que hai que descontar os dous feriados locais. Así, a proposta de calendario quedaría en **176** días, un por riba do mínimo. Demandamos que se reduza ese día lectivo para os centros de infantil e primaria, a quen afecta ese incremento, e que ese día a reducir sexa o 8 de setembro, levando o inicio do curso escolar ao **9 de setembro**. Outra alternativa sería que non fose lectivo o **22 de decembro**. [A Consellaría vai revisar esta proposta.](#)

Un ano máis, xuño e setembro co mesmo horario que o resto do curso

A CIG-Ensinou reiterou novamente a proposta de recuperarmos o horario reducido de 4 horas nos meses de xuño e setembro que un acordo dos demais sindicatos e a Consellaría eliminou no curso 2008/09 malia a posición contraria masiva do profesorado. [Non o aceptan.](#)

A Consellaría acepta incluír o día de Rosalía nas conmemoracións escolares

A Consellaría amosou a súa dispoñibilidade a aceptar a incorporación do **24 de febreiro** como **día de Rosalía**. É sabido que esta data está asentada na sociedade grazas ao activismo cultural e social que despois de moitos anos conseguiu que se celebre en multitude de centros educativos. A CIG-Ensinou fixo súa esta proposta desde hai anos. [O Secretario Xeral afirma que considera positiva a nosa proposta e que así o trasladará á Consellaría.](#)

Demandamos igualmente que se incorpore o 10 de marzo como **día da clase obreira galega**, unha data que debe formar parte non só do currículo escolar senón tamén das datas a salientar ao longo do curso. [Non o aceptan.](#)

CIG-Ensinou insta á Xunta a pactar a inclusión dalgunha data para visibilizar a non discriminación da diversidade afectivo-sexual.

A orde do calendario escolar límitase a fixar un recordatorio de que existe unha Lei para a igualdade de trato de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais, mais non incorpora ningunha data. A escusa non pode seguir sendo que hai moitas datas. Propomos que a Consellaría presente unha proposta, logo de tela pactado con colectivos e entidade cunha longa traxectoria de loita contra as discriminacións pola identidade sexual e se impulse a visibilidade e a normalización nos nosos centros. [Non o aceptan.](#)

Outras propostas concretas no articulado da orde.

- * Artigo 3.2: a orde segue condicionando a xornada e horario escolar as necesidades do **transporte escolar**, deixando nun segundo plano as consecuencias no rendemento ou cuestións pedagóxicas. Hai casos de desprazamentos excesivamente longos e de horarios totalmente disparatados só para conveniencia das empresas adxudicatarias do transporte escolar, agora maioritariamente combinado. [Botan balóns fóra.](#)
- * Xornada despois de finalizadas as aulas. Solicitamos que, atendidas as obrigas fixadas na orde, se teña en conta a flexibilización necesaria para o profesorado que participe nas oposicións. Este tema ten especial relevancia nos centros cunha alta porcentaxe de profesorado interino e que, ademais, teñen actividades importantes até o 30 de xuño.
- * Disposición adicional 1ª. Propoñemos reducir o prazo de **15 días para casos excepcionais para alterar o calendario**. Como todo cambio debe ser autorizado pola Xefatura Territorial non ten sentido que non se recolla que poda facerse nun prazo máis breve. Debe arbitrarse un prazo extraordinario que sempre contaría coa autorización da XT e reforzar a autonomía dos centros.

CALENDARIO ESCOLAR 2021-2022

	Inicio de clases en Infantil, Primaria e Educación Especial
	Inicio de clases en secundaria, bacharelato, FP e réxime especial
	Días non lectivos
	Fin de actividades lectivas en EI, EP, EE, ESO, BAC, FP
	Fin de actividades lectivas nas ensinanzas de réxime especial
	Días feriados

DÍAS LECTIVOS TOTAIS: 178 (a falta de descontar 2 feriados locais)

1ª Avaluación: 71. 2ª Avaluación: 62. 3ª Avaluación: 45

17

Setembro 2021						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

14

Decembro 2021						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

21

Marzo 2022						
L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

15

Xuño 2022						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

2021

19

Outubro 2021						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

21

Novembro 2021						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

16

Xaneiro 2022						
L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

19

Febreiro 2022						
L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28						

2022

15

abril 2022						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

21

Maio 2022						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal